


**COMUNICADO Nº 322/23**  
**23 DE NOVEMBRO DE 2023**

**A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO ESTREARÁ NO MES DE  
XANEIRO DE 2024 A SÚA NOVA PÁXINA WEB**

A Federación Galega de Automobilismo estreará no mes de xaneiro de 2024 a súa nova páxina web, un dos compromisos adquiridos cos federados e afeccionados de cara a esta lexislatura.



O deseño, realizado pola empresa Visualpublinet, utiliza as cores da nova imaxe corporativa da FGA e fai da navegación pola mesma unha actividade moito máis sinxela e vistosa, grazas a inclusión de elementos como os slider de vídeo e a navegación sen apenas scroll.



A información estará moito máis visible e accesible para todos e todas, cunha configuración que se adaptará aos distintos dispositivos dispoñibles no mercado, xa sean PC ou móbil.



O novo portal da FGA engadirá novas funcións e actualizará as xa existentes para transformarse nun referente para o mundo do motor en Galicia.

